


PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO IES LUÍS SEOANE

PONTEVEDRA, 2023



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO. RRSS	5
1. ANÁLISE DO CONTEXTO	6
1.1. CONTEXTO LEXISLATIVO	6
1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	6
1.2.1. Oferta educativa	
1.2.2. Organización dos espazos e instalacións	
1.2.2.1. Dependencias e equipamentos	
1.2.2.2. Uso dos espazos na actividade escolar	
1.2.2.3. Uso dos espazos en actividades alleas ao instituto	
1.2.3. Organización do tempo	
1.2.3.1. Horario escolar	
1.2.3.2. Distribución horaria das materias	
1.2.4. O equipo humano	
1.3. ANÁLISE DA CONTORNA	9
1.4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	10
1.5. RELACIÓN COAS FAMILIAS	10
2. PRINCIPIOS EDUCATIVOS E SINAIS DE IDENTIDADE	11
2.1. PRINCIPIOS EDUCATIVOS	11
2.1.1. Educación transformadora da sociedade	
2.1.2. Carácter público	
2.1.3. Respecto á autonomía organizativa	
2.1.4. Laicidade	
2.1.5. Coeducación	

2.1.6. Equidade e calidade	
2.1.7. Potenciación da lingua galega	
2.1.8. Pluralismo e valores democráticos	
2.1.9. Aprendizaxe crítica e cooperativa	
2.2. SINAIS DE IDENTIDADE	13
3. ACTIVIDADES E PROGRAMAS	14
3.1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	14
3.2. PROXECTOS COMO ESCOLA ASOCIADA Á REDE PEA-UNESCO	14
3.3. PROGRAMAS EUROPEOS	15
3.4. VIVEIRO DE EMPRESAS	16
3.5. BIBLIOTECA	16
3.6. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA DA CONSELLERÍA	17
3.7. FORMACION DO PROFESORADO	17
3.8. PREMIOS E RECOÑECEMENTOS	17
4. OBXECTIVOS	23
5. ORGANIZACIÓN E REGULAMENTO DO CENTRO	24
5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO	24
5.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	25
5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN NON DOCENTE	26
5.4. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO	26
5.5. PARTICIPACIÓN DO PERSOAL DE SERVIZO	27
5.6. PARTICIPACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNADO	27

INTRODUCCIÓN

No ano 1987 nace o noso instituto como un desdobramento da Rama Administrativa de formación profesional do antigo Instituto Politécnico de Pontevedra. Un ano máis tarde inaugúrase a nosa actual sede en Monte Porreiro e pasamos a chamarnos Instituto de Formación Profesional de Monte Porreiro no que se impartía, unicamente, formación profesional da Rama Administrativa.

Ao abeiro da reforma educativa do ano 1990 (LOXSE), a comunidade educativa do instituto impulsou ampliar a oferta educativa á Educación Secundaria Obrigatoria e ao Bacharelato, como una forma de inserción e participación na vida do barrio de Monte Porreiro, que por aquel entón xa contaba cos seus 7000 habitantes e non tiña un centro formativo de educación secundaria.

No momento actual, no instituto impártese formación profesional (ciclos formativos de *Administración e Xestión* e de *Comercio e Márketing*); *Educación Secundaria Obrigatoria*; e Bacharelato nas modalidades de *Humanidades e Ciencias Sociais*, *Ciencias e Tecnoloxía* e *Xeral*.

Denominámonos **IES LUÍS SEOANE** desde o ano 1994 -cuxo Día das Letras Galegas se dedicou ao gran creador- por acordo unánime de Claustro e Consello Escolar. Ao escoller o nome do *artista global de Galicia* facémonos partícipes do seu espírito progresista, galeguista e emprendedor a un lado e a outro do Atlántico.

Como impulsor de tantas iniciativas culturais e do desaparecido Laboratorio de Formas de Galicia -creador, entre outras empresas, da coñecida Sargadelos-, é Isaac Díaz Pardo quen realiza o noso logotipo nas instalacións da Mariña de Lugo e quen, acompañado de Maruxa Seoane -viúva de Luís- visita e honra o IES Luís Seoane co descubrimento da placa situada no vestíbulo, que representa, en palabras de Díaz pardo "*a comunicación entre alumnado e profesorado*".

No ano 1997 solicitamos a entrada na Rede de Escolas Asociadas á UNESCO, co conseguinte compromiso por impulsar unha educación de calidade, científica, inclusiva, intercultural, igualitaria para todo o noso alumnado; ademais dun compromiso ético e social: desenvolver, sensibilizar e interiorizar na nosa comunidade os valores da Cultura de Paz, do Desenvolvemento Sostible, da Igualdade de Xénero e a Cooperación Internacional, no marco dos actuais ODS.

Ao mesmo tempo queriamos que ese compromiso servise para mellorar a convivencia e converter o noso centro nun espazo de aprendizaxe harmónico, feliz, pacífico, onde os conflitos se resolvesen a través do diálogo abrindo as portas do noso centro á súa contorna (familias, asociacións, escolas, Concello...) e ao mundo.

Seguindo a ruta establecida polo Foro Mundial da Educación na Declaración de Incheon (maio do 2015) co horizonte do ano 2030, queremos facer propio o IV Obxectivo do Desenvolvemento Sostible:

"Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidade de aprendizaxe durante toda a vida para todas e todos"

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN: IES Luís Seoane
CARÁCTER: Público
CÓDIGO: 36018677
DOMICILIO: Rúa Luxemburgo, nº 1 36162 Pontevedra
TELEFONO: 986 857700 FAX:986864322
ENDEREZO ELECTRÓNICO: ies.luis.seoane@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB: http://www.edu.xunta.es/centros/iesluisseoane/

REDES SOCIAIS

https://www.instagram.com/ies_luisseoane/

<https://www.facebook.com/instiluisseoane>

<https://www.instagram.com/maruxaseoanebiblioteca/>

1.- ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1 CONTEXTO LEXISLATIVO

Este Proxecto Educativo de Centro baséase nos diversos preceptos legais que regulan a convivencia e aseguran o dereito á educación de todos os cidadáns: Constitución española, Estatuto de Autonomía, LODE (Lei Orgánica do Dereito á Educación), LOE (Lei Orgánica da Educación) e mais a actual **LOMLOE** (Lei Orgánica pola que se Modifica a Lei Orgánica de Educación -LOE-); Lei de Convivencia e Participación e o Decreto que a desenvolve, normas de convivencia nos centros, Lei de Normalización Lingüística, Decreto sobre o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e normativa que desenvolve as diferentes ensinanzas nos IES.

1.2 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES LUÍS SEOANE localízase en Monte Porreiro, un barrio situado no leste do núcleo urbano da cidade de Pontevedra, co que non ten continuidade urbana, e do que dista 3km. A súa urbanización é relativamente recente, a partir dos anos 70, e actualmente ten arredor dos 8000 habitantes cunha poboación de nivel socioeconómico medio-baixo ou baixo, cunha importante presenza de poboación de etnia xitana e que recolle inmigrantes procedentes, fundamentalmente, de Latinoamérica e Marrocos. É un barrio multicultural, e tamén dinámico pola actividade das súas asociacións veciñais. Na actualidade conta cuns 1100 alumnos e alumnas (repartidos entre ESO, Bacharelato e FP), 92 profesoras e profesores (ademais de auxiliares de conversa en Inglés e Francés, dado que temos sección bilingüe) e 15 membros de persoal de servizos.

1.2.1 Oferta educativa

- **Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)**
- **Bacharelato**
 - *Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais*
 - *Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía*
 - *Bacharelato Xeral*
- **Ciclos Formativos da familia de Administración e Xestión**
 - Réxime ordinario en modalidade presencial
 - *Ciclo Medio de Xestión Administrativa*

-Ciclo Superior de Administración e Finanzas

-Ciclo Superior de Asistencia á Dirección

-Réxime persoas adultas en modalidade presencial (oferta modular)

-Ciclo Medio de Xestión Administrativa

-Ciclo Superior de Administración e Finanzas

-Réxime persoas adultas en modalidade a distancia (oferta modular)

-Ciclo Medio de Xestión Administrativa

- **Ciclos Formativos da familia de Comercio e Marketing**

-Formación profesional básica

-Ciclo Básico de Servizos Comerciais

- Réxime ordinario en modalidade presencial

-Ciclo Medio de Actividades Comerciais

-Ciclo Superior de Comercio Internacional

-Ciclo Superior de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais

- Réxime persoas adultas en modalidade presencial

-Ciclo Medio de Comercialización de Produtos Alimentarios -DUAL

- Réxime persoas adultas en modalidade a distancia (oferta modular)

-Ciclo Superior de Transporte e Loxística

1.2.2 Organización dos espazos e instalacións

1.2.2.1 Dependencias e equipamentos

O edificio que alberga o IES LUÍS SEOANE está emprazado nunha parcela de 11000 m² e foi construído no ano 1987. Consta dunha planta baixa, dous pisos e dous sotos. A superficie dedicada a tarefas escolares é de 4.500 m².

A planta baixa está dedicada a vestíbulo, salón de actos, camerinos de teatro, biblioteca, sala de expresión corporal, cafetería, sala de profesores, secretaría, titorías e despachos.

Os dous pisos están dedicados a aulas, departamentos didácticos e outros espazos educativos complementarios.

No primeiro soto está situado o pavillón e diversas aulas específicas. O segundo soto (utilizado até agora como almacén por Xefatura Territorial de Educación) está no curso 2022-23 en obras que significarán un aumento de sete aulas (unha para Taller de Comercio, outra de Informática, e outras cinco máis) ademais dos espazos complementarios. No exterior existen tres pistas polideportivas, xardíns e aparcadoiros cunha capacidade de 50 prazas, situados no sur e no norte.

Todas as aulas dispoñen de medios audiovisuais. Existen dous laboratorios, catro aulas de Informática, sala de expresión corporal (utilizada como aula desde o curso 2020-

21), aula de Música, aula de Plástica, tres aulas de audiovisuais e aula de Tecnoloxía, todas elas dotadas do material específico.

Respecto do uso de ferramentas informáticas, está consolidada a Aula Virtual; en Ciclos Formativos o alumnado utiliza o seu propio ordenador persoal (con wifi .edu), e na ESO adoptamos o sistema E-Dixgal, que proporciona os ordenadores persoais suficientes. O centro conta co correspondente Plan de Dixitalización.

1.2.2.2 Uso dos espazos na actividade escolar

O instituto ten un sistema de organización mixto. Todo grupo ten a súa aula pero ademais, prevense aulas complementarias para determinadas materias e obradoiros: Educación Plástica, Tecnoloxía, Informática, Educación Física, Bioloxía, Física e Química.

Espazos comúns como o patio, o salón de actos, a biblioteca ou o vestíbulo son usados e entendidos como espazos abertos e polivalentes para aprendizaxe, lugares onde realizar actividades de carácter escolar, amosar o noso traballo, recibir exposicións e outras entidades socio-culturais ou outras comunidades escolares: espazos complementarios e extraescolares a demanda dos usos do profesorado, alumnado e familias.

1.2.2.3 Uso dos espazos en actividades alleas ao instituto

O centro permitirá que as instalacións sexan utilizadas polos membros da comunidade educativa e por usuarios externos ao instituto como asociacións sen ánimo de lucro, ONG, entidades públicas -educativas ou non-, con especial atención ás de Monte Porreiro, tomando as medidas precisas para que non se produzan deterioros ou mermas no material existente e de acordo coas condicións establecidas nas NOF.

1.2.3 Organización do tempo

1.2.3.1 Horario escolar

No centro impártense diferentes niveis e modalidades de ensino cun horario que abrangue de 09:00h a 14:30h e de 16:00h a 22:40h.

1.2.3.2 Distribución horaria das materias

Como norma, as materias impártense en sesións de 50 minutos individuais e alternas, pero determinadas materias poderán agrupar as súas horas cando isto facilite a súa impartición, por exemplo nos ciclos formativos.

1.2.4. O equipo humano

O persoal de administración e servizos está formado por dous administrativos/as, tres conserxes e cinco limpadoras a xornada completa e unha a media xornada.

O claustro de profesorado está composto por arredor de 90 profesores/as, dos que aproximadamente o 65% ten destino definitivo, o que nos proporciona unha alta estabilidade no tocante á súa estrutura, e permítenos planificar accións e actividades a medio e longo prazo. Este profesorado caracterízase polo seu compromiso co modelo educativo do IES, do que son proba os moitos anos de permanencia no centro por parte da maioría. É un profesorado entusiasta, que lle fai fronte ás dificultades derivadas da diversidade do seu alumnado, á crise socioeconómica e aos cambios legislativos; e que está en constante proceso de formación e mellora no seu labor docente -cun elevado grao de participación en PFPP e proxectos de innovación- así como na organización de actividades escolares, complementarias e extraescolares.

Todos os compoñentes do equipo humano cooperan activamente nas actividades formativas e prestan especial atención á inclusión do alumnado e traballa para dotarse das ferramentas sociais e culturais e para facer fronte á diversidade que caracteriza o noso centro.

O esforzo do equipo obtivo numerosos recoñecementos institucionais e premios.

1.3 ANÁLISE DA CONTORNA

O alumnado do instituto é na súa maioría do barrio de Monte Porreiro e áreas próximas, aínda que parte do alumnado de ciclos formativos pode proceder doutros concellos da provincia.

Monte Porreiro é unha urbanización recente, das nadas ao abeiro do proceso de industrialización dos anos 70, e conta cun elevado número de vivendas de promoción pública e privada. Presenta unha oferta de equipamentos públicos que cobren diversas necesidades de carácter social, cultural e deportiva. que se ve completada pola proximidade ao núcleo urbano e un bo sistema de transporte público con dúas liñas de autobús urbano.

No eido educativo, ademais do IES Luís Seoane, o barrio conta cun centro de educación infantil (EEI Fina Casalderrey), un colexio de educación primaria (CEP Marcos da Portela) adscrito ao noso centro e o centro territorial da UNED, se ben os seus servizos teñen carácter provincial. Tamén conta cunha gardería pública (Galiña Azul).

Nos outros eidos, conta cun centro cultural, un pavillón público, un pavillón privado para pádel, unha sala de tenis de mesa e un campo de fútbol e rugby de herba sintética (Mareantes Rugby Club Pontevedra); un centro de saúde público, a Asociación Veciñal "El Mirador", a sociedade deportiva "S.D.Monte Porreiro", o Secretariado Xitano, Caritas Parroquial, unha sede de COGAMI, lugares de culto de varias relixións e as Asociacións de Pais e Nais dos centros de ensinanza. Todas elas son moi activas, participativas e colaboradoras na realización de actividades conxuntas.

O barrio ten oferta comercial, aínda que se botan en falta servizos básicos de carácter privado, como unha entidade bancaria ou empresas de xestións de carácter administrativo.

Se atendemos ás características socioeconómicas é un barrio de traballadores e traballadoras, afectado coma todos, pola crise económica e polas consecuencias da pandemia.

A nivel cultural, entre os cidadáns do barrio predominan os estudos medios, aínda que esta situación está a mudar como consecuencia da influencia e as posibilidades que o instituto ofrece dende que incorporou a ESO, os Bacharelatos e os Ciclos Superiores de

FP, sendo cada vez máis os titulados universitarios e técnicos profesionais de grao medio e superior.

O alumnado de formación profesional procede dun área xeográfica máis ampla que se estende aos concellos de Pontevedra, A Lama, Cerdedo, Cotobade, Ponte Caldelas, Vilaboa, Soutomaior, Caldas de Reis, Barro, Poio, Marín... Todos eles concellos cun forte peso do sector servizos e comercial, sectores nos que o instituto ofrece esta formación.

1.4 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

En consonancia co indicado no referente á contorna, temos que resaltar que o noso alumnado é heteroxéneo e diverso en canto á súa orixe, idade, necesidades específicas e situación socio-familiar, o que explica a diverxencia dos seus resultados académicos. Unha parte do alumnado que cursa o nivel obrigatorio de ensino e a Formación Profesional Básica presenta falta de motivación, falta de interese, poucos hábitos de estudo e problemas de conduta e absentismo. As desigualdades van subsanándose grazas ao labor diario e conxunto do Departamento de Orientación (dous postos consolidados), Xefatura de Estudos e Titorías, sendo as maiores dificultades as seguintes:

- alumnado con complexas situacións socio-familiares,
- alumnado que debe facer un gran esforzo para incorporar unha lingua allea como instrumento de aprendizaxe,
- alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros, e incorporado por imperativo legal, ao nivel que lle corresponde tendo en conta únicamente a súa idade,
- alumnado cun amplo abano de necesidades educativas específicas, ou
- alumnado procedente do Centro de acollida Príncipe Felipe.

En relación a esta situación cabe destacar o esforzo realizado pola Fundación Secretariado xitano para reducir o absentismo e mellorar os resultados obtidos con alumnado con necesidades educativas específicas.

O alumnado de Ciclos Formativos, especialmente no seu nivel superior, que ten como perspectiva máis inmediata a incorporación ao mundo laboral despois de cursar os seus estudos profesionais, posúe un alto grao de motivación, dada a súa maior idade, que se traduce nuns resultados moi positivos.

1.5. RELACIÓN COAS FAMILIAS

O centro promove unha relación directa e fluída con todas as familias, tanto coas familias da ANPA como coas que non forman parte da asociación, favorecendo a súa participación no proceso educativo e nas actividades que se desenvolven no centro. A ANPA posúe un espazo de reunión no centro e utiliza as instalacións en eventos, plans de formación e Escola de Nais e Pais (CFR de Pontevedra), en colaboración con Xefatura de Estudos. Ten unha alta implicación nas actividades comunitarias do centro, colabora coa

Biblioteca e moitos dos intercambios internacionais non serían posibles sen o acollemento familiar de alumnado nas mobilidades.

2. PRINCIPIOS EDUCATIVOS E SINAIS DE IDENTIDADE

2.1. PRINCIPIOS EDUCATIVOS

O IES Luís Seoane declárase comprometido co ensino público, independente de intereses privados, aconfesional, plural, respectuoso, promotor da lingua galega, esixente coa igualdade de xénero e coa equidade social, inclusivo e defensor da apertura do centro á contorna e ao mundo.

2.1.1. Educación transformadora da sociedade

O centro educativo contribúe ao proceso de socialización e á educación en valores da persoa mediante o fomento do sentido crítico e o traballo cooperativo; e á formación intelectual como medio de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso ao mundo laboral,

2.1.2. Carácter público

O centro educativo está aberto a todo o alumnado, con independencia da súa orixe, situación, opción sexual e crenzas políticas ou relixiosas.

Promovemos a liberdade e o dereito á expresión sen adoutramento, proselitismo ou sectarismo, dentro do respecto ás normas establecidas e as opinións discrepantes.

Consideramos a educación como o maior “ben común”.

2.1.3. Respecto á autonomía organizativa

Consideramos totalmente imprescindible e irrenunciable a reclamación dos principios de autonomía organizativa e curricular recollidos na propia lexislación vixente, como medidas de actuación básicas para responder ás necesidades formativas do alumnado e poder adaptarse as circunstancias cambiantes.

2.1.4. Laicidade

O centro defínese como laico e sen ningunha simboloxía relixiosa con carácter permanente.

2.1.5. Coeducación

O IES fomentará a convivencia igualitaria, inclusiva e libre de prexuízos entre os distintos sexos. Procurarase a práctica da tolerancia cero ante calquera manifestación ou actitude machista ou ante calquera falta de respecto á liberdade de opción sexual. Procurarase unha participación paritaria de homes e mulleres nas actividades do instituto e a utilización dunha linguaxe non sexista.

2.1.6. Equidade e calidade

Queremos impartir unha educación equitativa e de calidade que contribúa á formación humana, académica e profesional do noso alumnado, unha educación de calidade que favoreza o desenvolvemento das competencias que fagan posible a promoción nos estudos e a inserción socio-laboral e facilite a súa participación activa e responsable como cidadanía global, mediante unha comunicación fluída entre todos os membros da comunidade educativa e coa contorna, consolidando vínculos coas empresas do sector e as institucións.

2.1.7. Potenciación da lingua galega

No IES Luís Seoane potenciarase como lingua de aprendizaxe o idioma galego, recoñecendo e respectando o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das dúas linguas oficiais dentro do que en cada momento fixen as normativas legais vixentes.

Desde o Equipo de Dinamización Lingüística procuraráselles a profesorado e alumnado os medios de traballo, materiais, actividades e recursos que permitan o uso do galego como lingua instrumental nas aulas.

En todo caso, ao final do ensino obrigatorio, débese garantir o mesmo nivel de competencia lingüística nos dous idiomas cooficiais.

2.1.8. Pluralismo e valores democráticos

A acción educativa estará centrada no respecto aos demais, na liberdade, no pluralismo, na solidariedade e na cooperación, no diálogo, no respecto e no afán de superación.

Rexeitaranse todos os comportamentos discriminatorios por razón de sexo, clase social, etnia, crenza, lingua, opción política ou opción sexual.

Impulsarase no alumnado o seu desenvolvemento integral e a participación crítica e responsable nas actividades do centro como aprendizaxe para unha vida de cidadán adulto comprometido.

Fomentarase a protección do patrimonio cultural, natural e artístico, en xeral, e o de Galicia en particular.

Facilitarase o interese por outras linguas e culturas e o respecto polas persoas que forman parte das mesmas.

Favorecerase un modelo de relacións entre o ser humano e a contorna sostible, que faga compatible satisfacer as necesidades do presente sen comprometer a satisfacción das necesidades das xeracións futuras.

2.1.9. Aprendizaxe crítica e cooperativa

Fomentárase no alumno unha actitude curiosa, crítica, de investigación e aprendizaxe significativa.

Favorecerase a responsabilidade e esforzo para regular a propia aprendizaxe e interese polo traballo ben feito.

A relación educativa procurará sistemas activos que esixan a participación do alumnado no proceso de aprendizaxe, á fin de que adquiran as competencias básicas para o desenvolvemento do seu proxecto formativo e persoal. Concíbírase o papel do profesorado, polo tanto, non só como un transmisor de coñecementos senón como un educador, mediador e motivador de persoas individuais e concretas, como suxeitos activos da aprendizaxe.

Buscarase a flexibilidade no proceso de ensino que permita a adaptación aos distintos ritmos de aprendizaxe, fomentando o traballo cooperativo que permite a complementariedade das distintas capacidades e competencias.

Por último, dentro do espírito democrático e de diálogo xa aludido, o instituto esforzarase por crear un clima harmónico de convivencia que favoreza o proceso de aprendizaxe.

2.2. SINAIS DE IDENTIDADE

O noso IES aspira a ser identificado como un centro que:

- Transmita ao alumnado os valores propios dunha cidadanía democrática, como son a liberdade, igualdade, solidariedade, tolerancia, xustiza e respecto polos demais.
- Responda á diversidade do alumnado, especialmente ao que presente necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE), mediante unha oferta educativa que posibilite o desenvolvemento das súas capacidades.
- Garanta a igualdade de oportunidades para todos e todas, permitindo compensar as diferenzas económicas, sociais e persoais do noso alumnado por medio dunha educación inclusiva e transformadora.
- Forme cidadáns e profesionais que respondan aos retos dunha sociedade cambiante e complexa, para que se conviryan en axentes de cambio.
- Dea resposta ás necesidades formativas da zona na que se atopa e da nosa área de influencia.
- Sexa un referente á hora de formar profesionais preparados para satisfacer as demandas da nosa área de influencia e cualificados para o desempeño noutros países europeos.
- Favoreza a empregabilidade do noso alumnado coa prestación de servizos de información e orientación profesional que lles permitan tomar as decisións máis axeitadas respecto das súas necesidades de formación e da busca de emprego.
- Contribúa á formación do profesorado no eido metodolóxico e didáctico, así como na utilización de innovacións técnicas no desempeño do seu labor académico.
- Promova a formación constante do profesorado grazas aos PFPP, ademais do intercambio de coñecementos.

- Manteña un clima harmónico de traballo e convivencia, baseado no respecto mutuo, na participación e na fluída comunicación entre todos os sectores da comunidade educativa.
- Permaneza dinámico, aberto á contorna e ao mundo.
- Promova a participación activa en programas educativos e actividades complementarias e extraescolares.

3. ACTIVIDADES E PROGRAMAS

3.1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

As **actividades complementarias** forman parte do currículo do alumnado, como aprendizaxe fóra da aula, polo que a asistencia é obrigatoria. Cando implica a realización de actividades fóra do recinto escolar -ou que poden exceder o horario lectivo- é necesaria a autorización dos representantes legais; caso de que non desexen autorizar a participación do seu fillo ou filla, deben indicar o motivo por escrito e saber que nese caso o alumnado debe asistir igualmente ao centro onde será atendido polo profesorado.

Todos os departamentos organizan numerosas actividades, xa que o centro considera que son da máxima importancia no proceso formativo e están en consonancia coa consideración do carácter aberto dos espazos de aprendizaxe e de apertura á contorna. Son actividades que proporcionan ocasións de aprendizaxe para todo o alumnado, fortalecen a inclusión e favorecen a convivencia, de maneira que todos os recursos humanos e materiais (tamén os espazos multifuncionais) se poñen ao servizo da realización destas actividades.

As **actividades extraescolares** son as realizadas fóra do horario lectivo e non teñen carácter obrigatorio. Son fundamentais como instrumento de inclusión e aprendizaxe entre iguais para o alumnado diverso do IES Luís Seoane: actividades deportivas, Club de Lectura Cando Lemos (varios grupos segundo niveis e idioma), grupo de teatro Fiúncho, grupo de Igualdade NeoFem Luís Seoane, Club de Debate, Comité UNESCO..., que non todos os cursos se levan a cabo ao dependermos da disposición e carga horaria do profesorado.

Os departamentos didácticos son os encargados da planificación das actividades que supervisa Vicedirección.

3.2. PROXECTOS COMO ESCOLA ASOCIADA Á REDE PEA-UNESCO

O número de proxectos que se están desenvolvendo na actualidade polo feito de ser unha Escola Asociada da UNESCO teñen que ver coa Cultura de Paz (*Obxectivo*

Igualdade, estudo do Holocausto, *A Trata Transatlántica de Escravos...*), o estudo e coidado do Patrimonio Cultural, Inmaterial e Natural (turismo sostible, Patrimonio nas Mans da Xuventude, ...), o Desenvolvemento Sostible e a Cidadanía Global (*Proxecto Atlántico*, *Consumo Responsable*, *Jóvenes por el cambio*, *Repensando el presente*, *Escrita con Zume ...*). En todo caso, a promoción da consecución dos ODS, da Axenda 2030 guía cada proxecto do IES e especialmente do alumnado do Comité UNESCO.

Neste marco mantemos relacións de estudo e mobilidades de alumnado e profesorado coas escolas pertencentes á Rede de todo o mundo: Porto, Guimarães, Santarém, Porto Salvo e Açores (Portugal), Rzeszów e Opole (Polonia), Aubervilliers (Francia), La Habana e Santa Clara (Cuba), Buenos Aires (Arxentina), Santa María de Tzejá (Guatemala), Fanjul (Gambia)...

Coas escolas asociadas de Galicia realizamos encontros trimestrais e proxectos específicos: Xornada Teatral no CPR Eduardo Pondal de Cangas, Encontro Atlántico, Congreso de Nenos e Nenas (bianual)...e todos aqueles que curso a curso van xurdindo.

3.3. PROGRAMAS EUROPEOS

Desde o seu nacemento, o IES implicouse en programas europeos e de cooperación co mundo empresarial, posibilitando mobilidades de alumnado e profesorado ao longo dos anos: Programa Leonardo da Vinci (iniciado en 1995), de prácticas formativas no estranxeiro; Proxecto Sócrates (con Alemaña e Portugal); INTERREG II, GLOBE (programas transfronteirizos da UE); COMENIUS bilateral e multilateral; Programa LINGUA; e até o curso pasado, os Erasmus+ (o último coordinado polo IES, con Polonia, Portugal, Romanía e Grecia, en prazo 2021-2023, denomínase *SEED – Semente e Sustentabilidade*).

Consideramos a participación en programas europeos e as mobilidades -de prácticas ou non- como unha estratexia fundamental no noso traballo como institución formativa xa que aumentan a capacidade profesional, a autonomía persoal, o respecto cara outras culturas e as habilidades sociolingüísticas do alumnado, fortalecendo relacións de cooperación entre o centro educativo, outros centros educativos e o mundo empresarial.

Na actualidade, os programas europeos que oferta o IES son:

- **Para ESO e BACHARELATO**

En febreiro de 2023, o IES Luís Seoane recibe a ***Acreditación Erasmus no ámbito da educación escolar para o período 2023-2027*** -primeiro centro educativo da cidade que o consegue, logo de desapareceren os *Erasmus+* tradicionais-, o cal implica financiamento para mobilidades de curta e longa duración para alumnado e profesorado de ESO e Bacharelato, así como a posibilidade de recibir expertos, alumnado e profesorado, da UE; en todo caso, estas mobilidades implican o aumento de competencias e o establecemento de relacións que van moito máis alá, ao seren moitas veces as familias as acolledoras, como soporte fundamental destes programas.

○ Para FORMACIÓN PROFESIONAL

Desde o 2020-21, o IES obtén a **Renovación da acreditación Erasmus para o ámbito da educación superior (ERASMUS 131)** o que permite que o alumnado de ciclos superiores realice a FCT -así como intercambios formativos de profesorado- no ámbito da UE.

Ademais, o centro participa nos seguintes consorcios que significan mobilidades á UE: *Ría de Pontevedra* (Bueu), para a FCT de ciclos medios; *Depopracticum* (coordinado pola Deputación de Pontevedra, ofrece mobilidades de catro a seis meses para alumnado titulado de ciclos medios); *Comercio Internacional* (Porriño), que ofrece mobilidades de profesorado tamén para terceiros países; *Consortio co IES Chan do Monte* (Marín).

3.4. VIVEIRO DE EMPRESAS

No IES LUÍS SEOANE existe un viveiro de empresas, que está aberto a estudantes doutros centros de Pontevedra e comarca, no que ofrecemos asesoramento para o desenvolvemento da idea de empresa e para a elaboración do plan de viabilidade, a posibilidade de ter un local acondicionado para as necesidades da súa empresa e a posibilidade de contactar e compartir experiencias con outros emprendedores.

Desde o Viveiro participase en programas e concursos organizados por axentes externos, como *Depoemprende na ESO* ou *Atrévete a ter unha idea*, en colaboración con outros departamentos.

3.5. BIBLIOTECA

A biblioteca do IES leva o nome de Maruxa Seoane. Espazo colaborativo e modulable que se adapta a todas as necesidades da comunidade educativa ofrecendo espazos e recursos materiais e humanos, promove o uso dos seus fondos e a realización de toda clase de eventos, encontros, charlas, seminarios, obradoiros, cursos de formación...de xeito que se considera o polo central do IES. Foi unha das escollidas na implantación do sistema KOHA, xa que leva vinte anos pertencendo ao PLAMBE.

Existe un Equipo de Biblioteca novo desde o presente curso, que completa o seu horario co atendimento a alumnado e profesorado, ademais de alumnado voluntario que axuda na xestión e organización nos momentos de maior afluencia. No presente curso, ademais, nace a radio escolar **SEOANE NO AIRE**, e mantense o Club de Lectura **CANDO LEMOS** (dividido nas correspondentes seccións por niveis e idiomas: linguas galega, inglesa e francesa).

3.6. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA DA CONSELLERÍA

O centro participou no *Proxecto Terra*, no *Monterízate*, no PROA, en ARCO... e desde que existen os Programas Educativos de Innovación da Consellería, o centro solicita o maior número deles dependendo da disposición do profesorado e da carga horaria.

No curso 2022-23 temos aprobados os seguintes, grazas ao profesorado que participa activamente:

- CP INCLÚE (Iguála-T, Inclúe-T)
- CP INNOVA (EDUinnova, EDUexcelencia, EDUsaúde, EDUsostibilidade, EDUcalidade).
- Plans Proxecta: CONSUMÓPOLIS, GALICONS-NET, ACTIVISTAS PARA O MUNDO QUE QUEREMOS, PARLAMENTO XOVE, PROXECTO RÍOS, QUEROTE+, SALVAVIDAS.
- Club de Ciencia (quinto curso consecutivo).
- Acreditación de alumnado LE en centros públicos.
- CUALE
- E-Dixgal.

3.7. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Un membro do profesorado coordina anualmente o PFPP en colaboración co CFR, con actividades, obradoiros, seminarios permanentes, grupos de traballo..., tanto no IES como noutros lugares. Ademais procúrase asistir ao maior número de eventos provinciais, galegos, estatais e internacionais que promovan a formación continua do profesorado, así como tamén a cursos e xornadas de formación organizados pola Consellería ou por outros centros de ensino cos que se manteñen relacións. Por outra banda, convídase frecuentemente a expertos en determinadas materias que comparten os seus coñecementos co profesorado do IES.

3.8. PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

- **Proxectos de innovación educativa sobre consumo responsable Galicons-net**, dentro do Plan Proxecta, do INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA: 1º premio (Categoría C: FP, BACH) para o equipo de ECO-ÉTIKA polo seu proxecto *I Feira da Sustentabilidade. Pensa, consume e actúa. RE_ÉTIKA*. Entrega en acto formal e institucional no IES, o 20/06/23. (Xuño 2023)
- **Premio ao podcast de ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS**, do Plan Proxecta, por *Activismo Medioambiental*. Entrega na RTVG de Santiago o día 1 de xuño de 2023 a un equipo de alumnado de 4º ESO (Milene Alexandre Leonardo

Cunha, Aarón Rodríguez Tobío, Candela Barreiro Prego, Unai Salgado Vilar).(Xuño 2023)

- **6º Posto na Olimpiada Galega de Economía** para **Andrea Suárez Torres**, de 1º BACH. (Marzo 2023)
- **1º premio RELATO BEN VEÑAS MAIO**, dos EDL de Pontevedra: Leda Hermida Tilve, de 2º ESO C. (Maio 2023)
- **1º Premio Proxectos de Innovación Educativa sobre consumo responsable Galicons-net**, Categoría C, ao proxecto **RE-ÉTIKA: publicidade inclusiva, publicidade para a sostibilidade**. (Xuño 2022)
- **Premios Atrévete a ter unha idea**, Categoría Secundaria Grupal, da Consellería de Educación, Eduemprende, polas ideas **Luceprenda** e mais **Botellas Comestibles**, do alumnado de 2º ESO. (Xuño 2022)
- **1º Premio Consumo responsable e calidade de vida Consumópolis-17: dálle gusto ao consumo circular e responsable**, do Instituto Galego do Consumo e a Competencia, Categoría C, ao equipo **Cachopos**. (Xuño 22)
- **1º Premio Igualdade Ernestina Otero Sestelo**, Categoría B, nas edicións de 2021, 2019 e 2018) do Concello de Pontevedra, ao IES Luís Seoane por:
 - **Igualdade desde a transversalidade**, (2022)
 - **Reseteando desde a educación**, (2019)
 - **NeoFem Luís Seoane**, (2018)
- **Recoñecemento do Concello de Santiago e a Fundación Bosques sen Fronteiras**, pola participación na campaña **#1cole1Bosque** e en agradecemento polo apoio á candidatura do Carballo do Banquete de Conxo a “Árbore De Europa 2022”. (Marzo 2022)
- **1º PREMIO Fase nacional no Concurso de escrito colectivo Coca-Cola**, cuxo deseño do viñetista Fausto Isorno serviu como inspiración do relato para o concurso nacional: **2º ESO D**, por **Osíxeno**. (Abril 2022)
- **Premio ENERXIZA.RME**, por **Pareda calefactora instantánea**, outorgados pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, CUVI, ao alumnado de Tecnoloxía de 1º BACH: Eshun Nuertey, Sebastián Tobío, Sofía Casal. (Maio 2022)
- **Premio ESCAVA.RME**, por **Escavadora hidráulica electromecánica**.(Maio 22)

- **Premio Magisterio a los Protagonistas de la Educación**, do grupo Siena Educación, á **Rede de Escolas Asociadas da UNESCO de España**, pola súa “contibución significativa á transformación da educación no mundo”. (Outubro 2022)
- Varios premios en todos os niveis da ESO de **Obradoiro de Prevención de Condutas Aditivas**, Concellería de Benestar Social e Municipal do Concello de Pontevedra. (Curso 2021-22)
- **1º Premio de Relato Ben Veñas maio**, para Ana Uxía Santos Caramés, de 2º ESO, por **Unha nova historia**. (Maio 2021)
- **1º Premio Eduemprende, Atrévete a ter unha idea**. Categoría individual, a Irene Fontán Muñiz, de 2º ESO, por **Tecnonatur** (Curso 2020-21)
- **4º Premio Jóvenes Talentos** de relato curto, a Nerea Cores García, de 4º ESO. (Xuño 2021)
- Premio **ExcavarME** da Universidade de Vigo, Escola de Minas e Enerxía por **Manoliño anda soliño** (escavadora estacionaria) a alumnado de 2º BACH. (Xullo 2020)
- **1º Premio pola Igualdade Carmen López-Cortón 2019**, Categoría C, da Consellería de Educación -Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, polo proxecto **Un cuarto propio en casa compartida. Restaurando vínculos desde a educación**. (Marzo 2019)
- **1º Premio Eduemprende, Atrévete a ter unha idea**, Categoría individual) enmarcado no Plan de Emprendemento do sistema educativo de Galicia, a Aarón Ledo Arzúa, de 2º ESO, por **Minicasa ecolóxica**. (Xuño 2019)
- **Premio Investigación, Pontenciencia 2019**, para Jesús Nicolás Díaz Boullosa, Mateo Piñeiro Aboy e Abraham Leiro Fernández, pola investigación **Prototipo Muro de Trombe**. (Xuño 2019)
- **Premio a Proxectos de Innovación na FP**, Modalidade B, por **Sistema de planificación de recursos empresariais ODOO: módulos de contabilidade, facturación, almacén, recursos humanos, CRM e tenda de comercio electrónico**, coordinado polo IES Chan do Monte. (Edición 2019)
- **2º Premio no VI Concurso de Curtametraxes para Escolares relacionado coa Doazón e os Transplantes (2018-2019)**, co vídeo **Mito e realidade**, de Breixo

Chan Piñeiro, Manuel Soutullo García, Nicolás Crespo Sanmartín, Ángel Peón Calvar, Javier Muíños Candeira e a profesora Iria Morgade Valcárcel. (Xuño 2019)

- **Premio no Concurso Audiovisual Mulleres 2019** outorgado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, polo vídeo **Corta a tempo**, de Jaime David Rivera Hernández e Ivana Nogueira López. (Edición 2019)
- **1º Premio Nacional Fundación GSD de Innovación Educativa (GSD Innova)** na edición VI), Modalidade I a **Obxectivo: Igualdade**, outorgado pola fundación GSD Innova na VI Edición; entregado en Madrid a comezos do ano seguinte. (Decembro 2018)
- **Premios nos Obradoiros de Prevención de Condutas Aditivas**, Concello de Pontevedra, para alumnado da ESO. (Curso 2018-19)
- **Premio Nacional de Educación 2016: al Fomento de la Convivencia Escolar** (*Premio Nacional de Educación en la enseñanza no universitaria*), Modalidade B, ao IES Luís Seoane, polo proxecto **Aprender y convivir en el marco de unha escola asociada a la UNESCO. Un proyecto colectivo**. (Xaneiro 2017)
- **Mención Especial Sostenibilidade**, do Concello de Camargo, por **Sostenibilidade en los montes comunales de Pontevedra**. (Decembro 2017)
- **Recoñecemento á participación no II Premio Iberoamericano de Educación en Derechos Humanos Óscar Arnulfo Romero**, da OEI –Organización de Estados Iberoamericanos- polo proxecto **20 Años de Escuela Asociada a la UNESCO: un compromiso ético por la Cultura de Paz, los Derechos Humanos y la Cooperación Internacional**. (Outubro de 2017)
- **Finalista autonómico do Premio Acción Magistral**, por **Tecidos de Paz**. (Edición 2017)
- **1º Premio Pontenciencia** co **Proxecto de muro de inercia domótico**, ao alumnado de 4º de ESO. (Edición 2017)
- **Premio Acción Magistral 2016**, por **Objetivo: Igualdad**
- **Accésit Concurso de Carteis sobre Prevención de Condutas Aditivas** do Concello de Pontevedra, para Paola Rondón e Nerea Nores. (Maio 2016)

- **2º Premio no I Concurso de relato curto da Fundación Valle-Inclán**, á alumna Fátima Ezzahra Ibrahim Barnossi, polo seu texto *En que pensas, Helena?* (Novembro 2016)

- **Premio Cidade de Pontevedra 2015**

- Premio ao **Comercio con Talento**, da Consellería de Economía e Industria ao negocio *Mímate Delicatessen*, de Pontevedra, o candidato proposto polo alumnado xurado do IES Luís Seoane, Alba Corbacho, Tania Nodar e Isabel Souto, con **recoñecemento expreso e agasallo**, entre máis de corenta equipos/candidaturas e catorce centros de ensino. (Xullo 2015)

- **Mención de Honra de Acción Magistral**, Categoría B, a dúas docentes do IES Luís Seoane, entregado en Zarzuela ao director, polo proxecto **Aprender y convivir en el marco de una escuela asociada a la UNESCO. Un proyecto colaborativo**. (Decembro 2015)

- **Embaixadores de Paz**, pola República Arxentina e Milmilenios de Paz, o único centro da Península Ibérica que ten tal distinción. (Outorgado en Bos Aires, durante viaxe de intercambio co Colexio Villa Ballester, con entrega da **Bandeira da Paz**, 2014)

- **Accésit en Boas Prácticas da Xunta de Galicia**. (2013)

- **Premio no Proxecto Internacional UNESCO Patrimonio en manos de los Jóvenes**, polo traballo **Os canteiros. Tradición y futuro**. (Xullo 2011)

- **Certificación da Coordinación Internacional da rede de Escolas Asociadas da UNESCO (red-PEA)**, pola participación do IES no Proxecto Educativo sobre **La Trata Transatlántica de Esclavos**, no curso escolar 2010-11. (Novembro 2011)

- **1º Premio de Patrimonio da Rede PEA-UNESCO de España**. (2010)

- **2º Premio Nacional Marta Mata á calidade dos centros educativos**, Modalidade B, Ano 2008, do Ministerio de Educación. (Decembro 2009)

- **Premio Valora-Interculturalidade da Xunta de Galicia**
 - 2009
 - 2007

- **1º Premio á Calidade na Mobilidade no marco do Programa Leonardo da Vinci**, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, polo proxecto **Análisis y difusión de las prácticas formativas en empresas**. (Febreiro 2003)
- **1º Premio Concurso de Ideas Empresariais para Xoves Emprendedores**, do Concello de Pontevedra, por **Domoinstal,SLL**, elaborado por alumnado do CS ADMFIN do IES Luís Seoane e mais de CSINSELE do IES Frei Martín Sarmiento. (Novembro 2003)
- **1º premio de Promoción de condutas tolerantes** da Xunta de Galicia. (Edición 2000)
- **Liga Escolar Club de Debate:**
 - 2º Premio Provincial. (Edicións 2015, 2018 e 2019)
 - 3º Premio Fase Final. (Edición 2016)
 - 2º Premio Fase Final. (Edición 2015)
 - 1º Premio Provincial. (Edicións 2010, 2011 e 2014)
 - 1º Premio Fase Final. (Edición 2014)
- **Premios de Innovación Educativa** da Xunta de Galicia:
 - 2004 (3º Premio)
 - 2003 (1º Premio)
 - 2002 (1º Premio)
 - 2001 (1º Premio)
 - 1999 (1º Premio)
- **Premio Muller Luís Seoane**, **outorgados polo IES**, durante os actos de **Marzo, mes da Muller**, a:
 - 2023: **María Jesús Abelleira Acebedo**, de 2º BACH, *X Muller LS*
 - 2022: **Pilar Crespo Boullosa**, orientadora, *IX Muller LS*
 - 2021: **Nieves Rodríguez Bastón**, libreira do barrio, *VIII Muller LS*
 - 2020: **Cintia Leins Freire**, alumna de 2º BAC, *VII Muller LS*
 - 2019: **Mercedes Vázquez Pereiro**, profesora de FPB e Comercio, *VI Muller LS*
 - 2018: **Fouzia Elhamdaoui**, alumna de 2º BAC, *V Muller LS*
 - 2017: **Luísa Márquez Rodríguez**, exprofesora e coordinadora pea-UNESCO, *IV Muller LS*

- 2016: **Charo Conde Parada**, encargada da biblioteca, *III Muller LS*
 - 2015: **Judith Ortigueira Viaño**, alumna de 2º BACH, *VII Muller LS*
 - 2014: **Pilar Batalla Rodríguez**, conserxe, *I Muller LS*
- **Certificación da inclusión na Rede de Escolas Asociadas da UNESCO: 23 de setembro de 1997**

4. OBXECTIVOS DO CENTRO

Os nosos obxectivos respectan os sinais de identidade do centro nas diferentes facetas (diversidade, convivencia e inclusión, propostas innovadoras e organizativas, sustentabilidade, aprendizaxe por retos e por competencias) que se enmarcan no peá-UNESCO e no marco legislativo actual:

- Continuar promovendo a responsabilidade e o esforzo persoal facendo ao alumnado copartícipe do seu proceso de aprendizaxe, fomentando hábitos e prácticas en relación co estudo, recoñecendo os seus logros e facendo presentacións públicas dos resultados, visibilizando o traballo ben feito (en exposicións de materiais didácticos, presentacións, participación/organización en encontros, congresos, feiras, seminarios e demais eventos; en medios de comunicación, páxina web e rss propias), favorecendo o desenvolvemento de actividades fóra da aula, con outras escolas nacionais e no eido internacional.
- Aumentar a aprendizaxe por competencias que garantan unha aprendizaxe consciente para o futuro, facilitando ferramentas para a inserción laboral e profesional do alumnado que oriente os seus estudos cara o mundo laboral, fomentando o espírito emprendedor como forma de desenvolvemento persoal, incrementando os intercambios a académicos ou de prácticas laborais con outros países da nosa contorna, dentro e fóra dos plans Erasmus.
- Continuar asumindo o reto que significa a diversidade do noso alumnado por mor das súas necesidades específicas de aprendizaxe, da súa orixe, do seu idioma, da súa etnia, situación socio-familiar e nivel económico.
- Fortalecer a actividade do Comité UNESCO como aula de acollida e de aprendizaxe colaborativo entre iguais, da *Biblioteca Escolar Maruxa Seoane* e dos grupos do *Club de Lectura Cando Lemos*, do Equipo de Mediación na resolución de conflitos, do Club de Ciencia coa potenciación da muller científica, de *Neo Fem Luís Seoane* e, en xeral, de todos os grupos de traballo de alumnado e profesorado que poidan surxir no IES.

- Continuar coa práctica da solidariedade, a cooperación, o diálogo, o respecto pola diferenza, a igualdade de xénero, a loita pola paz e a igualdade de oportunidades, no marco dos ODS.
- Incrementar o uso das TIC no marco do Plan Dixital, para profesorado e alumnado.
- Aumentar a formación de titores/as, fortalecendo a relación con familias e equipos docentes, Orientación e Xefatura de Estudos, tanto nas aulas como nos cambios de ciclo e na elección de opcións académicas.
- Continuar fomentando o traballo en equipo do profesorado e incentivar a súa formación por ser un axente principal da mellora educativa, situando os recursos educativos, humanos e materiais para o desenvolvemento do proxecto educativo, ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Continuar colaborando cos difentes axentes que forman a comunidade educativa do IES, e cos externos, ademais de coas institucións e asociacións da contorna: Concello, ONCE, Cruz Vermella, Voa Vida, COGAMI,..., ademais de continuar participando en programas de innovación (contratos-programa, Plan Proxecta, Club de Ciencia, Edixgal, CUALE...).
- Manter unha xestión participativa, a través da colaboración cos órganos de representación correspondentes á hora de tomar decisións, propiciando relacións presididas polo diálogo e o respecto ás ideas e aos puntos de vista alleos entre os axentes educativos.

5. ORGANIZACIÓN E REGULAMENTO DO CENTRO

A organización está recollida no Decreto 324/1996, publicado no DOGA do 26 de xullo, que aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Ensino Secundario e o seu funcionamento recollido nas NOF . Os órganos existentes no centro son:

5.1 ÓRGANOS DE GOBERNO

Dirección

Formada polo director/a, vicedirector/a, secretario/a, xefe/a de estudos de diúrno e xefe/a de estudos de persoas adultas.

Consello Escolar

Constituído por representantes de toda a comunidade educativa do instituto (alumnado, pais e nais, persoal de servizo e profesorado) e un representante do Concello. No seo do Consello Escolar están constituídas as oportunas comisións.

Claustro de Profesores

Integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizo no Centro

5.2 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Comisión de Coordinación Pedagóxica

Integrada polo director/a, que será o seu presidente, o xefe/a de estudos, os xefes/as de departamento, o coordinador/a do EDLG, o Departamento de Orientación e o coordinador/a da FCT.

Departamentos Didácticos

No IES Luís Seoane existen os seguintes departamentos didácticos e de familia profesional:

- a) Ciencias Naturais
- b) Economía
- c) Educación Física e Deportiva
- d) Artes Plásticas
- e) Filosofía
- f) Formación e Orientación Laboral
- g) Francés
- h) Física e Química
- i) Latín
- j) Inglés
- k) Lingua Castelá e Literatura
- l) Lingua Galega e Literatura
- m) Matemáticas
- n) Música
- o) Relixión Católica; Relixión Evanxélica
- p) Tecnoloxía
- q) Xeografía e Historia
- r) Familia profesional de Administración e Xestión
- s) Familia profesional de Comercio e Marketing

Departamento de Orientación

Está formado, na actualidade por dúas persoas, persoal de PT, profesor/a por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico e un profesor/a de FP, preferentemente de FOL.

Equipo Docente

Existirán no centro tantos equipos docentes como grupos de alumnado. Cada equipo educativo estará constituído polos profesores/as que impartan clase en cada grupo.

Titorías

Cada grupo de alumnado, en cada nivel das etapas educativas que imparte o centro, terá asignado un profesor/a titor/a, que será designado pola Dirección do centro, por proposta da Xefatura de Estudos, de entre o profesorado que imparta clase en cada grupo.

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN NON DOCENTE

Coordinación de FCT

Estará ao seu cargo un profesor/a de ciclos formativos, preferentemente con destino definitivo no centro.

Coordinación Programas Europeos

Estará ao seu cargo un profesor/a do centro, con destino definitivo.

Coordinación do EDLG

A CCP propondrá a persoa que, de entre o profesorado do centro, preferentemente con destino definitivo, desempeñe o cargo. Será nomeada pola Dirección.

Departamento de actividades complementarias e extraescolares

A súa coordinación correspóndelle á Vicedirección do centro.

Equipo de Biblioteca

Variable en canto ao número, en función dos recursos humanos existentes no centro, estará coordinado por unha persoa co apoio do profesorado que teña asignadas funcións de servizos na biblioteca no seu horario.

Equipo de Autoprotección

Estará coordinado pola Dirección do centro e nel estarán integrados o profesorado e persoal de administración e servizos que se determinen, para proceder á adopción de medidas ante casos de emerxencia e adoptar as decisións correspondentes en caso de evacuación.

5.4 ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Delegados e Subdelegados de grupo

Ostentan a representación do grupo e serán a canle de comunicación entre alumnado e Xefatura de Estudos, a Dirección ou calquera órgano de goberno do centro cando trate temas relacionados co seu grupo.

Xunta de Delegados/as

Está formada por todos os delegados/as de grupo e os representantes do alumnado no Consello Escolar. A Xunta de Delegados nomeará, de entre os seus membros, a un delegado de centro.

Delegado/a de centro

Serán funcións do delegado de centro: convocar e presidir a Xunta de Delegados e Delegadas, comunicar á Dirección do centro os acordos tomados, trasladar propostas para a mellora do funcionamento do centro e asistir ás reunións dos órganos de goberno cando se requira a súa presenza.

5.5 PARTICIPACIÓN DO PERSOAL DE SERVIZO

O persoal de servizo está constituído polos membros non docentes que prestan servizos no centro: persoal de Administración (dúas persoas), persoal de Conserxería (tres persoas) e persoal de Limpeza, con representación no Consello Escolar.

5.6 PARTICIPACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNADO

No instituto existe unha Asociación de Nais e Pais de Alumnado -ANPA-, integrada por todos os pais e nais de alumnos/as que desexen asociarse e cuxa Xunta Directiva realiza as funcións de coordinación co centro, proposta de actividades conxuntas, soporte en mobilidades e acollementos de alumnado de fóra, colaboración na realización de eventos, suxestións que redundan no beneficio de toda a comunidade educativa e todo aquilo que se lle solicite, dada a fluidez das nosas comunicacións e a presenza activa da ANPA no IES.

Fóra da ANPA, contamos cun elevado nivel de participación do resto de familias en todo o mencionado anteriormente. No Consello Escolar cóntase con tres representantes das familias, sendo un deles da ANPA.

ESTE PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO FOI APROBADO:

- Polo **Claustro**, en reunión ordinaria do día 27 de abril de 2023.
- Polo **Consello Escolar** en reunión ordinaria do día 26 de maio de 2023.

Asdo: Carlos García Fernández
DIRECTOR DO IES LUÍS SEOANE